

Extracto da convocatoria de subvencións por concorrencia non competitiva por nacemento ou adopción a través do 'Cheque bebé 2020' (Exp. 56/2020)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

Primeiro.- Persoas beneficiarias

Serán persoas beneficiarias as nais ou pais que tivesen un/unha fillo/a, ou adoptasen un/unha fillo/a menor de 4 anos, así como os/as titores/as coa patria potestade ou tutela en caso de falecemento dos/as pais/nais, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que o nacemento ou a adopción tivese lugar entre os días 01/12/2019 e 30/11/2020.
- Que a persoa beneficiaria sexa española ou estranxeira con residencia legal en España.
- Que a persoa beneficiaria estea empadroada no Concello de Toén cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento do nacemento ou adopción (comprobarase de oficio polo órgano instrutor do procedemento).
- Que o/a neno/a estea empadroado/a no domicilio da persoa solicitante no momento da solicitude (comprobarase de oficio polo órgano instrutor do procedemento).

Segundo.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do Concello de Toén, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia non competitiva, de subvencións polo nacemento ou adopción dun/dunha fillo/a.

Terceiro.- Bases reguladoras

Publicadas integramente na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e en Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarta.- Contía e destino

1. A contía das axudas será de 250,00 € por cada fillo/a nado/a ou adoptado/a, ata o esgotamento do crédito dispoñible.
1. O pagamento da axuda realizarse nun único pagamento a través da entrega dunha tarxeta 'Cheque bebé', cuxo uso réxese polas seguintes condicións:
 - Terá que destinarse á adquisición de bens relacionados coa maternidade e coas necesidades básicas do/a menor.
 - Terá que realizarse o gasto nos seguintes establecementos: farmacia e botica do Concello de Toén.
 - Terá que realizarse o gasto no prazo máximo de 6 meses desde a data da entrega da tarxeta.
 - As persoas beneficiarias autorizan o endoso das correspondentes facturas que expida a farmacia e a botica do Concello de Toén, que figurarán a nome da persoa beneficiaria e serán pagadas directamente polo Concello de Toén.

Quinta.- Prazo de presentación de solicitudes





CONCELLO DE TOÉN

O prazo para a presentación das solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense e remata o día 15/12/2020.

O alcalde

(Documento asinado electronicamente na marxe)

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



Cod. Validación: AL4YZZSDLRCTENLWJF3JKX55S | Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2